

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
26/03/2018 (BASES REITORAS OEP 2014-2015-2016)*

**ASUNTO: IMPUGNACIÓN DAS BASES REITORAS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO
CORRESPONDENTES A 2014, 2015 E 2016 (PUBLICADAS NO BOP Nº 60 DO 26/03/2018)**

D^a Nerea Garrido Montenegro, con DNI *****413-H, con Rexistro de entrada de data 27/03/2018 (DOC. 180045401), interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 21/03/2018 (publicado no BOP nº 60 do 26/03/2018), polo que se aprobaron as bases reitoras das Ofertas de emprego público correspondentes a 2014, 2015 e 2016, considerando que na convocatoria específica das prazas de Técnico/a de administración xeral, tanto da rama xurídica como da rama económica, deben poder participar os graduados en Dirección e xestión pública, tendo en conta que na base IV das específicas de ámbalas dúas prazas “Condicións dos aspirantes” establécese o seguinte: “Ademais das que figuran na base 4^a das xerais, os/as aspirantes deberán estar en posesión do título de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esixidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.”

En virtude do artigo 118 da Lei 39/2015 do 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas aos efectos de dar audiencia aos interesados, e de conformidade co previsto no artigo 45.1. da dita Lei, ao tratarse dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva, procédese á publicación de anuncio mediante inserción no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que os Colexios Oficiais e persoas afectadas así como quen teña presentado a instancia para participar no dito procedemento selectivo poidan ter coñecemento da devandita impugnación e dispoñan dun prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da publicación, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos.

O expediente estará á súa disposición para consulta e obtención de copia (previa exacción da taxa correspondente) nas dependencias municipais da Área de Recursos Humanos e Formación, sitas no primeiro andar da Casa do Concello, en horario de atención ao público de 9:00h a 14:00h.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal.- Javier Pardo Espiñeira (Delegación competencial contida en Decreto da Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordo da XGL das mesmas datas).

